

## RAZA Manchega Negra

A ovella Manchega Negra procede da rexión de Castilla la Mancha. Esta é unha variedade da Raza Manchega considerada en perigo de extinción.

### Características da raza

É unha raza de dobre aptitude aínda que vense primando a produción leiteira. O peso das femias oscila entre os 55 e os 70 Kg, e o dos carneiros entre os 80 e os 100 Kg. A produción media desta raza sitúase ó redor dos 177 L de leite en 151 días de lactación. O leite ten entre un 7 e 8% de graxa e entre un 5,7 e un 6,3 de proteína.

O leite está destinado a produción de Queso Manchego, un queixo moi representativo de España e moi prezado fora das nosas fronteiras.

### Sistema de explotación

Tradicionalmente a ovella Manchega Negra tiña a dobre aptitude carne – leite, aínda que nas últimas décadas, o alto valor do leite en Denominación de Orixe fixo que se dirixira cara un aproveitamento leiteiro. Manéxase en pastoreo durante todo o ano, salvo limitacións do tempo e durante as épocas de parideira e lactación. A alimentación baséase nos recursos obtidos dos pastos suplementando con subproductos dos cultivos agrícolas (principalmente rastrollos).



## COMPRA – VENTA

- Véndese rabaño de 50 ovelas galegas – 610 353 983 – Abegondo (A Coruña)
- Véndense 150 cabras – 620 186 650 – Allariz (Ourense)
- Véndese rabaño completo de 240 cabras – 629 479 623 – Xinzo de Limia (Ourense)
- Véndense 12 ovelas galegas – 676 388 235 – 982 168 056 – Muras (Lugo)
- Véndese rabaño de 100 ovelas negativas a Paratuberculose e libre de Maedi-Visna – 661 508 269 – Chantada (Lugo)
- Véndese unha parella de cabras ananas – 669 268 850 – 606 258 950 – Outeiro de Rei (Lugo)
- Véndense cabras próximas a parir en Allariz – 687 207 980 (Fernando) e 667 093 154 (Nuria)
- Véndense 150 ovelas – 686 304 617 – Baños de Molgas (Ourense)
- Véndese rabaño de 200 ovelas e material diverso (comedeiros, tolvos,...). 608 879 938 - A Pastoriza (Lugo)

## FE DE ERRATAS

No boletín nº 63 queremos engadir os datos do autor do "Estudo da Paratuberculose na fauna salvaxe de Galicia". Este é un artigo resumido polos Servizos Veterinarios da ADSG ACIVO do seguinte estudo: "**Estudio de las infecciones por nemátodos gastrointestinales y por *Mycobacterium avium paratuberculosis* de corzos en Galicia**", 2010. Realizado por D.Francisco Javier Pato Rivero.

Tamén corrixir o prazo de solicitude da axuda a prevención de ataques do lobo, que rematou o 15 de xaneiro. Pedimos desculpas por este erro. Se algún gandeiro presentou o 17 de xaneiro e na oficina agraria non o avisaron, poñédevos o antes posible en contacto con OVICA.



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 64 XANEIRO 2011

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

## LEXISLACIÓN: Axudas a Incorporación e Plans de Mellora

**Prazo de solicitude: ata o 28 de febreiro**

### Incorporación

Beneficiarios: Persoas maiores de 18 e menores de 40 anos no momento de solicitude.

Requisitos e compromisos:

- Non ter estado de alta na Seguridade Social na actividade agraria antes de 6 meses de solicitar a axuda.
- Manter a actividade agraria durante 5 anos
- Ter ou obter un nivel de capacitación suficiente (cursos de capacitación agraria ou títulos académicos)

Axudas: 20.000 € en investimentos máis unha bonificación do 100% dos xuros dun crédito de ata 20.000 €.

Estas cantidades incrementaranse nun 10% nos seguintes casos:

- Explotación en zona desfavorecida
- O titular da explotación teña un CES aprobado
- Si se xera un posto de traballo asalariado (a maiores da persoa incorporada)

### Plans de Mellora

Beneficiarios: Titulares de explotacións agrarias

Requisitos e compromisos:

- Manter a actividade agraria durante 5 anos
- A explotación debe xerar traballo para unha persoa a tempo completo
- O 50% da renda ten que vir da actividade agraria
- Ter experiencia no sector ou acreditar a formación necesaria
- Facer un informe técnico no cal terase en conta a situación de partida, as medidas de mellora e os investimentos a facer, os beneficios que aportarán a explotación e os rendementos da explotación unha vez realizados todos estes
- Se se pretende facer unha construción terase que presentar a solicitude de licenza municipal de obras e requirirse a súa aprobación

Investimentos auxiliares: Mínimo de 6.000 € de investimento. Máximo de 100.000 € por persoa a tempo completo i entre 200.000 e 800.000 € de máximo por explotación. A realizar nun período máximo de 6 anos.

Axudas: En zona desfavorecida ata o 50% en bens inmobles (construcións, cercados,...). Ata o 30% en bens mobles (maquinaria agrícola,...) e no resto de zonas: 40% e 25% respectivamente.

De non ser agricultor profesional as porcentaxes reduciranse nun 10 e nun 5% respectivamente.

Incrementaranse nun 5% en explotacións ecolóxicas e un 5% si o titular pediu a axuda para a incorporación á agricultura hai menos de 5 anos.

Dende OVICA proporcionámosche toda a axuda para enfocar e planificar a túa incorporación na agricultura ou para mellorar a túa explotación.

Para máis información ponte en contacto con OVICA: 982 24 51 42 – 669 128 946 – 687 778 013.



CAIXA RURAL GALEGA

## LEXISLACIÓN: PAC – CES 2011

**Prazo de solicitude: do 1 de febreiro ata o 30 de abril**

A Consellaría do Medio Rural ven de publicar no DOG a orde que regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011, o que ven a ser a PAC – CES 2011. Os principais puntos a destacar son:

- Este ano veredes completamente incorporadas no voso Pago Único as desaparecidas primas de ovino-cabrún.
- Mantéñense as axudas específicas destinadas a agricultores de ovino cabrún cuxa produción estea amparada por denominacións de **producción de calidade** (basicamente, **gandería ecolóxica**). Cos requisitos de producir un mínimo dun 15% da produción da explotación baixo este distintivo de calidade.
- Tamén seguen as axudas ós gandeiros/as de ovino e cabrún cuxas explotacións se orientan á produción de carne, co fin de compensar as desvantaxes específicas ligadas á viabilidade económica deste tipo de explotacións. Entre os requisitos os titulares das explotacións terán que estar asociados nunha cooperativa ou S.A.T. cun censo mínimo de 5.000 reproductoras.

**Para máis información sobre calquera liña de axuda, poñédevos en contacto con OVICA.**

## ¿QUÉ ESTÁ A PASAR CO CES?

Dende OVICA queremos salienta a decisión unilateral que adoptou Xunta de Galicia e a Consellaría do Medio Rural no referente ás axudas do Contrato de Explotación Sustentable (CES). Este ano **NON SE PODERÁN INCORPORAR NOVOS GANDEIROS/AS NO CES** e, os gandeiros que xa o tiñan concedido **NON PODERÁN AMPLIAR LIÑAS NIN SUPERFÍCIE** comprometida no CES.

Isto supón un forte freo á única subvención que apoia ós sistemas productivos sustentables e deixar case sen contido a un dos puntos básicos do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia (2007-2013).

Sen ter **ningunha comunicación oficial** por parte da Consellería, podemos intuír dúas explicacións:

A primeira sería a de “non hai cartos”. Pero sabendo que ó redor do 80% desta subvención está financiada con fondos da Unión Europea e do estado Español, esta explicación non se sostén.

A segunda é a clara vontade deste goberno para reducir calquera axuda que puidera fomentar uns sistemas de explotación máis sustentables.



## SEGUROS AGRARIOS

O 24 de xaneiro saíu publicada a Orde do 18 de xaneiro de 2011, que regula as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011. Como ben sabedes, ó igual que nos anos anteriores, os seguros agrarios están subvencionados, en diferentes porcentaxes segundo a liña, tanto pola Comunidade Autónoma como pola Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa).

Aproveitamos para recordaros que OVICA é axente Mediador de Agroseguro, polo que todos aqueles interesados en realizala contratación dalgunha das liñas de seguro dispoñibles, como por exemplo o seguro de retirada e destrución dos animais mortos, non dubidedes en poñervos en contacto con OVICA.



## ENTREVISTA A: Juan Veres Fernández

**¿Cando e cómo empeza a túa actividade no sector?**


Na casa tiñamos xa 30 ovellas, pero no 1986 ampliei o rabaño ata as 100. Despois, pouco a pouco fun ampliando ata as 300 ovellas que teño agora. Empecei con ovellas do país pero visto a falta de produtividade introducí a raza Romanov pola súa prolificidade. Agora fago cruce industrial con Charolais.



**Sistema de explotación. Manexo.**

As ovellas saen a pastar dende a cubrición ata que empezan a ubrar, nese momento entran na cuadra ata que se venden os años. En canto á reprodución sigo o sistema dun parto o ano. Teño probados moitos sistemas pero prefiro este xa que o resto require moito máis traballo ó ter que facer moitos lotes, sendo difícil de xestionar en pastoreo.

Organizo as cubricións a partires de marzo xa que as ovellas Romanov teñen moi pouca estacionalidade. En cambio, as Charolais son as primeiras en entrar en cubrición e, para asegurar que saian en celo, prepárolles unha alimentación máis enerxética (*flushing*). Desta forma os partos veñen sendo dende agosto ata outubro, buscando as mellores épocas para a venda dos años. Evito o Nadal, xa que o mercado tende a estar sobreadabastecido e pode baixar o prezo.



Todo este sistema fai que o rabaño teña unha prolificidade de 2,8 cordeiros por parto.

**¿Porqué buscar unha prolificidade tan alta?**

Para poder sacar rendibilidade ó rabaño. Nun principio busquei unha media de 3 cordeiros por parto, pero cas subas do penso destes últimos anos a prolificidade deixou de ser unha prioridade na selección das cordeiras de recría.

**Alimentación**

A base da alimentación é o pasto, pero tendo en conta a alta prolificidade deste rabaño hai que suplementar a ración en certos momentos. Utilizo una mezcla de feno de alfalfa en rama, avea e outros cereais e soia. Doulles esta mezcla a partires dos últimos 15 días de xestación ata que remata a cría dos cordeiros. Sempre teño en conta que a mezcla teña entre un 16,5 e un 17% de proteína e, dependendo no número de años doulles a razón de 1,5 Kg por ovella e día.

Por outro lado, os cordeiros teñen comedeiros separados e, despois dun inicio cun penso *starter*, teñen sempre o penso a discreción.

**A raza**

Un dos principais problemas que teño é que no momento da rapa as ovellas están en xestación, podéndose producir abortos. Para evitar isto estou introducindo no rabaño a raza Pelibuey, cruzándoa coa Romanov. Con isto consigo unha ovella con pouca la que non fai falta rapar porque ela mesma a muda. Desta forma tamén mellórase a rusticidade da ovella Romanov, bastante sensible as diferencias do pasto ó longo do ano. Tamén mantense a prolificidade xa que a Pelibuey é relativamente prolífica.

**O sector**

Estamos nun momento crítico e o sector no resto de España está moi ben organizado, falta principalmente en Galicia organizar as vendas para poder defendernos mellor. Sería moi importante ter una denominación de calidade.



Ovella da raza Pelibuey